Apresentación

Neste número 17 do noso boletin reproducimos en primeiro lugar (**Esculca**) a carta que enviamos o pasado 8 de Maio às persoas que encabezaron candidaturas nas eleicións municipais instando-as a manteren un respeito escrupuloso ao princípio de aconfesionalidade e neutralidade das instituicións públicas en relación con as diversas igrexas e cultos relixiosos existentes. Damos nota tamén da apresentación en Compostela do *Relatório Anual da Coordenadora para a Prevención da Tortura* e do lugar destacado que ocupa o noso país no que a denúncias por maus tratos di respeito.

Na sección **Análises e Relatórios** incluímos tres importantes artigos. No primeiro ("*Con a Igrexa topamos, Sancho*") analisa-se o caso da profesora de relixión católica D. Mª del Carmen Galayo, e a resposta dada polo Tribunal Constitucional às dúvidas que sobre este asunto lle plantexara oTribunal Superior de Canárias. A seguir publicamos o interesante artigo de David Banisar ("Xornalistas, fontes e vixiláncia") que a Asociación Mundial de Xornais inclui na páxina que abriu con motivo do Dia Mundial da Liberdade de Prensa. Finalmente, con o título "Que son as leis de Difamación?", resumimos o excelente manual de introdución aos conceitos chave destas leis editado por *Article19*.

No apartado **Notícias** damos conta de dous casos de aplicación deste tipo de leis nos estados español e marroquino, asi como de alguns exemplos que ilustran a vixiláncia que os poderes públicos tentan estabelecer sobre as fontes confidenciais dos xornalistas. Tamén informamos da grave situación que viveron as 23 persoas migrantes recluídas durante tres meses nun armacén de peixe de Mauritánia ou da non menos preocupante situación das que son expulsadas pola fronteira de Marrocos con Arxélia. Comentamos igualmente as diferentes cargas policiais contra movimentos sociais na Galiza e noutros lugares, asi como o uso que fan os Mossos d'Esquadra de armas ilegais. A desprotección dos nosos dados persoais, a homofobia manifesta en estados da UE (Polónia), a opacidade informativa das instituicións públicas ou a hipocrisia de alguns poderes en relación con a prática da tortura, son outros dos temas que tratamos neste apartado.

Finalmente, en **Biblioteca**, recomendamos a leitura de tres relatórios que mostran con información complexa e contrastada como afectan à liberdade de información as chamadas Leis de Difamación e Inxúria e os perigos que ameazan a confidencialidade das fontes de xornalistas. Recomendacións que concluímos con a referéncia à páxina do Comité Mundial para a Liberdade de Prensa, organización que agrupa 44 asociacións dos seis continentes e traballa neste mesmo ámbito.

OBSERVATÓRIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

BOLETÍN Nº 17 esculca@esculca.net www.esculca.net aptdo correos 2112.36208 VIGO

ESCULCA

POLÍTICA E RELIXIÓN

Na mira de defender o princípio de neutralidade dos poderes públicos en matéria relixiosa, EsCULcA enviou cartas às persoas que encabezaron candidaturas nas pasadas eleicións municipais instando-as a facer o compromiso público de que nen ela nen os membros do seu grupo participarian, en canto membros da corporación municipal (correspondesen-lles ou non funcións de governo), en actos, ritos, procisións ou celebracións de carácter relixioso, e manterian un respeito escrupuloso ao princípio de aconfesionalidade e neutralidade do Estado en relación con as diversas igrexas ou cultos relixiosos existentes.

Prezado/a señor/a:

EsCULcA é un Observatório de ámbito galego que traballa na defensa dos direitos e liberdades públicas garantidos na Constituizón e nos Tratados Internacionais. Teña a ben pois, receber a nosa opinión sobre algo que atinxe, estatutariamente, o núcleo dos nosos obxectivos e traballos.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional, o que debe implicar "un princípio de neutralidade dos poderes públicos en matéria relixiosa". Este princípio veda "calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais". Portanto, a neutralidade do Estado obriga-o a proibirse a si próprio calquer concorrência, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Asi consta na Constituizón e asi o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos direitos e liberdades públicas; entre eles o do direito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.

Pois ben, V. encabeza unha lista eleitoral que concorre às próximas eleizóns municipais para exercer, de acordo co seu programa e ideário político, as funcións que lle atribuen as Leis. Igual dicemos dos outros membros da súa candidatura, que aspiran a obter un posto na corporación municipal como representantes da soberania popular. Non cabe a menor dúvida de que todas as potestades e funcións que corresponden aos cargos públicos son exclusiva e estritamente de carácter civil. Como tamén é certo que son os cidadáns, como tais, e non como crentes/non crentes, os que exercen os seus direitos democráticos votando os seus lexítimos representantes, aos que corresponderán funcións de governo ou oposición.

Por conseguinte, emprazamo-lo/a a facer o compromiso público, con ocasión da campaña eleitoral que agora comeza, de que nen V. nen os membros do seu grupo político participarán, en canto membros da corporación municipal (correspondan-lles ou non funcións de governo), en actos, ritos, procisións ou celebracións de carácter relixioso, e manterán un respeito escrupuloso ao principio de aconfesionalidade e neutralidade do Estado en relación coas diversas igrexas ou cultos relixiosos existentes.

Os nosos mellores cumprimentos.

Por EsCULcA, o seu Presidente.
Fernando Martínez Randulfe

RELATÓRIO ANUAL DA CPT

O dia 12 de Maio a Coordenadora para a Prevención da Tortura (CPTG) deu a coñecer en Santiago de Compostela o seu relatório sobre a situación no Estado español no ano 2006 en que se recollen 610 das denúncias apresentadas ese ano.

Por petición expresa das persoas agredidas ou porque a información recebida foi insuficiente e/ou non estava avondo contrastada non se incluen no Relatório numerosas denúncias de que se tivo notícia. Incorpora-se, pola contra, o seguimento de denúncias de anos anteriores que viron modificada a sua situación procesual durante o pasado ano (por se ter ditado sentenza, por se ter arquivado o procedimento, etc.) ou que xeraron decisións extraxudiciárias que afectaron os casos referidos (por exemplo, indulto a persoas condenadas).

GALIZA À CABEZA

En relación con os Relatórios de 2005 e 2006, son várias as cuestións que interesa salientar. En primeiro lugar, o aumento de denúncias recollidas na Galiza, onde se pasa de 21, en 2005, a 49 en 2006 (un aumento de 133%, porcentualmente o mais elevado).

En segundo lugar, o importantísimo aumento das denúncias coñecidas en Catalunya, que pasa das 77 recollidas no Relatório de 2005, às 144 no de 2006 (un aumento do 87%); sendo de notar que a maior parte deste aumento produciu-se na cidade de Barcelona, que pasa de 60 a 129 denúncias (un aumento do 115%).

En terceiro lugar, un dado de sentido contrário: a diminuición das denúncias coñecidas en Euskal Herria (Euskadi e Nafarroa), que pasaron de 141 no 2005 a 64 no 2006 (unha diminuición do 54.6%), devida ao menor número de detencións en rexime de incomunicación producidas en 2006 (6 casos frente a 77 no ano anterior).

Ora, estas cifras han de ser relativizadas xa que en Maio do ano pasado, cando se apresentou o Relatório 2005, a Coordenadora coñecia 288 casos e 596 denúncias e hoxe coñece 313 casos e 642 denúncias, o que fai temer que os 266 casos e as 610 denúncias recollidas no Relatório 2006 poderian aumentar a medida que a Coordenadora vaia recebendo nova información.

Por outra parte, no que se refere às circunstáncias das persoas que denunciaron tortura e/ou maus tratos, cumpre asinalar que os grupos que xeraron mais denúncias no ano 2006 foron os movimentos sociais (30'5%), as persoas migrantes (17'9%) e os movimentos sindicais (13'4%), e salientar que estas denúncias foron postas contra axentes de todos os corpos das forzas de seguranza do estado.

Tamén interesa notar que as 610 persoas que apresentaron denúncia por torturas e/ou maus tratos o pasado 2006 elevan a 4.196 o número das apresentadas no Estado español no que levamos de século XXI. Quer dicer, case 700 persoas por ano (ou duas por dia), o que nos obriga a falar da existéncia de situacións de tortura e maus tratos de forma diária.

Esta realidade leva a CPT a esixir un correcto desenvolvimento dos mecanismos de controlo para a prevención da tortura como os propostos polo Protocolo Facultativo da ONU, un mecanismo que deve contar con a participación da sociedade civil, na liña que exemplifican iniciativas como a Proposta non de Lei aprovada recentemente -por unanimidade- no Parlamento de Galiza, asi como a proposta estatal que apresentou a própria Coordenadora.

Por último, cumpre acrescentar que no Relatório tamén se recollen resumos das recomendacións que diferentes organismos internacionais (entre eles o Relator Especial da ONU) fixeron chegar ao Governo Zapatero, onde se denuncian a persisténcia da tortura no Estado español e a falta de vontade dos sucesivos governos para acabar con ela.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

CON IGREXA TOPAMOS, SANCHO

Fernando Martínez Randulfe

Dos intentos da Igrexa Católica española de ocupar cada vez mais espazo e influéncia na esfera pública dan conta a cotio todos os xornais e meios de comunicación. Hai ben pouco un insigne Bispo dava conta a posíveis despistados da conveniéncia de outorgar o voto a partidos como a Falange. Un dos campos a conquistar, histórico ou tradicional, é o do ensino da relixión nos centros de ensino públicos, isto é, centros de titularidade do Estado, financiados por este, e que son un dos instrumentos necesários para facer efectivo o direito dos cidadáns à educación (art. 27.5 da CE). Tamén insisten os meios na oposición da hierarquía à impartición na escola pública da matéria "Educación para a cidadania", propondo e instigando que en contra dela os pais fagan uso dunha obxección de conciéncia.

Nese campo do ensino da relixión nos centros públicos plantexan-se tensións entre diversas proclamacións constitucionais fundamentais: principalmente, aconfesionalidade do Estado, libertade relixiosa e dever de cooperación do Estado. As manifestacións son múltiplas e de fondo calado, que se fan tanto mais complexas canto mais imprecisos son os termos do texto constitucional nalguns casos, derivada esa imprecisión, como se ten dito, das circunstáncias da Transición política –aspecto do que se deu conta noutros números deste Boletin.

Nesta ocasión reducimo-nos a dar conta da cuestión abordada na sentenza do Tribunal Constitucional do 15 de Febreiro do 2007. A pretensión destas líñas é de fidelidade translativa e ordenada, do que son merecentes os leitores, antes de proceder a unha análise crítica posterior.

OS FEITOS

Mª del Carmen Galayo viña prestando servizos como profesora de relixión (educación infantil e primária), a proposta do Bispo de Canárias, en diversos centros escolares públicos, desde o curso académico 1990/1991, quer dicer, neses anos contava con a "Declaración eclesiástica de Idoneidade" do Bispado para impartir clases de relixión. Pois ben, en Outubro de 2000 comunicou-se-lle que non lle seria formalizado novo contrato por manter unha relación afectiva con un home que non era o seu esposo, do que xa se separara.

Perante esta decisión a Sra. Galayo interpuxo demanda de tutela de direitos fundamentais contra a Consellaria de Educación da CA de Canárias e contra o Bispado, invocando unha lesión do princípio de Igualdade e mais do direito à intimidade persoal. Pedia, en consecuéncia, que fose declarada nula a proposta do Bispado para a contratación de profesores de relixión, que a excluía; xustamente a efeitos de ser incluída nela.

O Xulgado do Social ditou sentenza desestimando a demanda. O próprio Xulgado sintetizou a razón do fallo no seguinte: "o Bispado que retira a proposta (desta profesora) por considerar que vive en pecado e non é idónea para impartir clase de relixión católica actua dentro da área do seu ministério espiritual, por unha razón de moral católica,

dentro dos cánones da igrexa, conforme ao Acordo-Tratado con a Santa Sede". Non admite, pois, que se tivesen violado os direitos que invocaba a demandante.

Compre pois, resumir o que estipula o Acordo con a Santa Sede sobre Ensino e Asuntos Culturais de 3 de Xaneiro do 1997, no que a esta matéria di respeito (nomeadamente, nos artigos III, VI, VII) :

- O ensino relixioso será impartido polas persoas que, para cada ano escolar, foren designadas pola autoridade académica entre aquelas que o ordinário diocesano propuxer para iso. Os profesores de relixión formarán parte do Claustro a todos os efeitos.
- Corresponde à hierarquia eclesiástica sinalar os contidos do ensino e formación relixiosa católica, así como propor os libros de texto e material didáctico.

Pola sua parte, a lexislación española daquela vixente (LOGSE, Disp.Ad.2ª), dispuña:

- O ensino da relixión axustará-se ao estabelecido no Acordo con a Santa Sede.
- Incluirá-se a relixión como área ou matéria nos níveis educativos que corresponder, que será de oferta obrigatória para os centros e de carácter voluntário para os alunos.
- Os profesores que impartiren o ensino da relixión (e non pertenceren aos corpos de funcionários docentes), farán-no en rexime de contratación laboral, de duración determinada e coincidente con o curso escolar, a tempo completo ou parcial.

En definitiva, o Bispado escolle entre candidatos, propón-nos à autoridade docente competente e esta formaliza os contratos e paga. Desta feita, o candidato designado polo Ordinário do lugar conta con a Declaración Eclesiástica de Idoneidade (DEI) para poder ser contratado polo Estado.

SEGUNDA TENTATIVA

A Sra. Galayo apresentou o procedente recurso de Suplicación perante o Tribunal Superior de Canárias. E este Tribunal, antes de ditar sentenza, e para facé-lo, prantexa ao Tribunal Constitucional as dúvidas que alberga sobre a posível inconstitucionalidade da DEI e normas que regulan a contratación dos profesores de relixión: precisamente aquelas que esgrimira o Xulgado para desestimar a demanda.

A CUESTIÓN

O Tribunal Superior de Canárias fai unha importante precisión :"non é obxecto desta cuestión a constitucionalidade da inserción da relixión e moral católica no itinerário educativo do ensino regulado". Consecuentemente, o TC non pode nen vai facer pronunciamento respeito desta importante matéria: non hai que esperar resposta.

E, con efeito, o TC insiste reiteradamente na sua resposta en que o núcleo da cuestión deveria ter sido a inserción do ensino relixioso na escola pública (corren boatos de que sentiu a falta dese plantexamento). Recoñece, aliás, que tal inserción é unha via posível de realización prática do direito de liberdade relixiosa e un xeito posível de cooperación, mais non os constitucionalmente únicos e obrigados.

Ora, o cerne da cuestión plantexada vai por estoutro camiño. Por unha parte, na elaboración da DEI os bispos rexen-se por critérios relixiosos da sua própria igrexa, exclusivamente, e polo seu Direito Canónico. Por outra, a contratación dos profesores de relixión fai-se polas Administracións Públicas en rexime laboral, configurando desta maneira e por este meio un suposto de "emprego público". Todo isto parece afastado e contrário a princípios e direitos consagrados na Constituición Española (CE) que parece se deverian ter en conta e aplicar na selección e contratación dos profesores de relixión na escola pública.

RESPOSTA/TESE DO TC

1. Tanto o procedimento seguido nunha DEI concreta, como as consecuéncias dela, poden ser controladas ou xulgadas polos órgaos xurisdicionais do Estado.

Razóns:

- Os efectos civis dos actos das autoridades eclesiásticas están regulados pola lei civil; en consecuéncia, son de exclusiva competéncia dos xuíces e tribunais civis, por desprender-se asi dos princípios de "aconfesionalidade do Estado" (16.3 CE) e de "exclusividade xurisdicional" (117.3 CE); cando, ademais, todos os cidadáns teñen direito a tutela xudicial efectiva dos seus direitos (acudir e ter resposta do órgao xudicial, 24.1 CE)
- Por outra parte, nen a LOGSE nen o Acordo con a Santa Sede dispoñen nada en contra de que a DEI non poda ser obxecto de controlo polos órgaos xudiciais do Estado.

Chegados a este ponto, parece oportuno, para maior comodidade no seguimento do raciocínio do Tribunal, ter à vista o texto o art. 16 da CE:

Artigo 16

1. Garante-se a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos indivíduos e as comunidades sen outra limitación, nas suas manifestacións, que a necesária para o mantimento da orde pública protexida pola lei.
2. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a sua ideoloxia, relixión ou crenzas.

3. Nengunha confisión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguintes relacións de cooperación con a Igrexa Católica e as outras confisións.

2. **O princípio de neutralidade do estado.** No que di respeito a este fundamental princípio, nas declaracións do TC salienta-se que veda calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais no desenvolvimento das relacións de cooperación do Estado con a Igrexa católica (ou outra); antes ben, serve, precisamente, à garantia da sua separación. Deste xeito, o princípio introduz unha "idea de aconfisonalidade ou laicidade positiva".

Por conseguinte, o credo relixioso obxecto de ensino ha de ser definido por cada igrexa, confisión ou comunidade. Ao Estado corresponde unicamente "cooperar". E tamén corresponde às confisións a competéncia para xulgar sobre a idoneidade das persoas que han de impartir ensino do seu credo

"sendo posível que [esta] se estenda a extremos da própria conduta, na medida en que o testemuño persoal constitua para a comunidade relixiosa unha componente definitória do seu credo, ao ponto de ser determinante da sua aptitude ou cualificación para a docéncia, entendida como via e instrumento para a transmisión de determinados valores. Unha transmisión que encontra no exemplo e no testemuño persoal un instrumento que as igrexas pode lexitimamente estimar irrenunciável".

3. **O dever de cooperación con as confisións**. Este dever esixe dos poderes públicos unha atitude positiva no que di respeito á liberdade relixiosa. Ora ben, a liberdade relixiosa, na dimensión individual, permite aos cidadáns actuaren conforme ao credo que profesen, libres de toda inxeréncia externa (inclusive dos poderes públicos). Comporta ademais o direito a receber a educación relixiosa e moral acorde con as próprias convicción (Art. 27.3 CE).

Mais non se esgota nesta protección. A Liberdade Relixiosa comporta tamén unha dimension externa, que abarca à sua vez dous aspectos. En primeiro lugar a posibilidade de exercício, imune a toda coacción dos poderes públicos, daquelas actividades que constituen manifestacións ou expresións externas do fenómeno relixioso (lugares de culto, procisións, etc.), asumido polas comunidades relixiosas (suxeitos colectivos). En segundo lugar, esixe dos poderes públicos unha atitude positiva, de natureza asistencial ou prestacional. Hai que ter en conta, ademais, que o art. 3.2 da Lei orgánica de LR dispón que, "para a aplicación real e efectiva destes direitos, os poderes públicos adoptarán as medidas necesárias para facilitar (...) a formación relixiosa nos centros docentes públicos".

Asi pois:

- O dever da cooperación encontra na inserción da relixión no itinerário educativo unha canle posível para a realización en concorréncia, de estes dous direitos.
- A inserción do ensino da relixión católica no sistema educativo fai posível tanto o direito dos pais dos menores a estes receberen ensino "relixioso e moral" acorde con as convicción dos proxenitores (27.3 CE) como a efectividade do direito das confisións à divulgación e expresión pública do seu credo (contido esencial da Liberdade Relixiosa na sua dimensión comunitária ou colectiva, 16.1 CE).

A DECLARACIÓN ECLESIÁSTICA DE IDONEIDADE

1. A DEI e os princípios de aceso à función pública

O TC afirma que a contratación do profesorado de relixión, ainda que ven condicionada pola DEI, non vulnera a doutrina constitucional sobre o aceso à función pública en condicións de igualdade e de acordo con os princípios de mérito e capacidade, nen discrimina posíveis candidatos en función de critérios relixiosos. Recorda aquela doutrina do aceso a función pública (art.23.2, 103.3 e 14 da CE), e canto con ela se garante, aspecto positivo sobradamente coñecido, con os seguintes enunciados:

- Garanten a imposibilidade de estabelecer requisitos que teñan carácter discriminatório ou referéncias individualizadas e concretas (acepción de persoas); os requisitos que se impuxeren han de ser sempre referíveis aos princípios (igualdade, mérito e capacidade); e serán requisitos lesivos destes principios os que, sen seren referíveis a eles, estabeleceren diferenzas entres españóis. A seguir, o TC acrescenta o que nos parece mais relevante no seu itinerário discursivo.
- Non priva o lexislador dunha ampla marxe de liberdade na regulación das provas de selección e na determinación dos méritos e capacidade que han de ser tomados en consideración. Certo é que lle pon limites: en positivo, obriga o lexislador a implantar requisitos estabelecidos en termos de igualdade e que respondan exclusivamente aos princípios de mérito e capacidade; en negativo, proscreve non só facer a regulación en termos individualizados equivalentes a unha acepción de persoas, senón tamén evitar toda sombra de arbitrariedade. Esa arbitrariedade dá-se nas seguintes hipóteses: cando falta a razón ou sentido da regulación; se a diferenza de tratamento carece dunha xustificación obxectiva e razoável à luz das condicións de mérito e capacidade; cando o elemento diferenciador for arbitrário ou carecer de fundamento racional.

Asi as cousas, a esixéncia da DEI non pode ser considerada arbitrária ou irrazoável, nen allea aos princípios de mérito e capacidade. E "desde logo" non implica discriminación por motivos relixiosos, dado que se trata de contratos de traballo celebrados para impartir exclusivamente ensino relixioso. E resulta lóxico e razoável, de acordo con o contido do direito de LR, que sexa a Igrexa quen determine os contidos do seu ensino, e as persoas idóneas para a sua impartación, como xa anteriormente se descreveu.

- A DEI ven a constituir-se portanto nunha garantía de liberdade das igrexas para impartiren as suas doutrinas sen inxeréncia dos poderes públicos. En definitiva, a función específica dos traballadores para esta finalidade constitui un "feito distintivo" que determina que a diferenza de tratamento que se denuncia, materializada na DEI, teña xustificación obxectiva e razoável; e resulte proporcionada e axeitada aos fins perseguidos polo lexislador. Todo iso concorda con o dever de cooperación do Estado.
- A esixéncia da DEI tampouco vulnera o direito individual à liberdade relixiosa (16.1 CE E), nen a proibición de toda obriga de declarar sobre a sua relixión (16.3. CE). E iso porque estes princípios só se ven afectados, neste caso, na estrita medida necesária para facé-los compatíveis con os outros (direito das igrexas a impartiren as doutrinas, direito dos pais a que se garanta ensino relixioso dos seus menores (27.3 CE).

ESCLARECIMENTOS E CONVITES

1. Pode lexitimamente discrepar-se da solución lexislativa concretamente admitida (instauración da DEI). Ora, ainda que sexa discutível, non é necesariamente arbitrária nen irracional. A normativa persegue unha finalidade razoável e non se mostra desprovida de todo fundamento.
2. O que resulta realmente relevante para a cuestión analisada é o acordo polo que o Estado asume a impartición do ensino relixioso nos centros educativos e o seu financiamento, e non a forma en que se articule técnicamente a execución dese acordo, isto é forma elexida para o instrumentar.
3. A inserción do ensino relixioso na Escola Pública é unha via posível da realización prática do direito de Liberdade Relixiosa, como tamén un xeito posível de cooperación do Estado con as confisións. Mais non os constitucionalmente únicos e obrigados.
4. Se a impartición nos centros educativos dun determinado ensino relixioso pudese eventualmente resultar contrário à Constituición (ben polos seus contidos, ben polas esixéncias impostas aos seus docentes), o que teria que cuestionar-se seria o Acordo en virtude do cal ese ensino se imparte (neste caso, o Acordo con a Igrexa Católica).

CODA

A sentenza relatada non resolve, pois, o caso concreto da Sra Galayo. Agora terá que ditar sentenza o Tribunal de Canárias, tendo en conta os "esclarecimentos" prévios do TC.

Ficamos à espera. Non parece improvável que o asunto desta profesora volte à mesa do TC, desa vez en forma de Recurso de Amparo, instado polo contendente vencido.

Con a Constituición e o Tribunal Constitucional topamos, Sancho.

XORNALISTAS, FONTES E VIXILÁNCIA

David Banisar

En Alemaña, a Axéncia Federal de Intelixéncia submeteu à espionaxe vários xornalistas e colocou infiltrados nas salas de redacción para poder identificar as suas fontes.

Nos Países Baixos, o governo vixiou os telefónos de De Telegraaf con obxecto de determinar as fontes dunha

notícia e, despois de fracasar, arrestaron e encarceraron os xornalistas.

En Latvia, a Polícia Financeira interviu os teléfonos dun xornalista de televisión e despois divulgou as gravacións aos meios.

As fontes confidenciais son vitais para o traballo dos xornalistas, mais estes e outros casos mostran que a espionaxe en nome da seguranza están ameazando en muitos países este direito básico.

PROTECCIÓN LEGAL DAS FONTES

Existe un amplo recoñecimento na comunidade internacional sobre a necesidade de protexer as fontes confidenciais dos xornalistas. O Relator Especial da Liberdade de Expresión da ONU afirma que a protección das fontes é de "importáncia primordial" para o traballo dos xornalistas encanto o Tribunal Europeu de Direitos Humanos ditamina que se trata de "unha das condicións básicas para a liberdade de prensa". Organismos como a Organización de Estados Americanos (OEA), a Organización para a Seguranza e a Cooperación en Europa (OSCE), o Consello de Europa ou a Unión Africana tamén recoñecen a confidencialidade das fontes como requisito básico da liberdade de prensa.

Este direito goza de amplo recoñecimento tamén en muitos países. En máis de 80 estados en todo o mundo existen leis que protexen as fontes e nalguns esta protección está incorporada à própria constituición. En muitos outros países, os tribunais integraron este direito nas suas protecciónS à liberdade de expresión.

O AUMENTO DA VIXILÁNCIA

No entanto, apesar destas protecciónS, nos últimos tempos –e mui particularmente a seguir os ataques do 11-S- asistimos a un incremento da vixiláncia a xornalistas na procura de identificar as suas fontes.

En Alemaña, un extenso relatório parlamentar divulgado en 2006 revelou que a Axéncia Federal de Intelixéncia (BND) espiara ilegalmente xornalistas e colocara infiltrados con este propósito nas salas de redacción durante mais dunha década.

Nos Países Baixos, onde non existe lexislación protectora das fontes de información, o governo interviu os teléfonos dos xornalistas de De Telegraaf que revelaran que un capo condenado obtiña información confidencial na prisión. A intervención foi aprovada nun tribunal de apelación en Maio de 2006. Como as escuitas telefónicas non deron resultado, a polícia detivo durante un dia os xornalistas para os forzar a revelaren as fontes.

En Latvia, a Polícia Financeira interceptou os teléfonos dun reporteiro de televisión, Ilza Jaunalksne, e despois divulgou as gravacións aos média. O xuiz que autorizou as escuitas foi destituído do seu cargo e interpuxo-se demanda contra os axentes da polícia. O xornalista foi indenizado por danos e prexuízos con 42.000 euros en Febreiro de 2007.

Noutros países comezan a aparecer propostas para adoptar leis que atenuen as restricións às intervencións telefónicas. En Suécia, por exemplo, o governo conservador recentemente eleito anunciou a apresentación dunha lei en 2007 para autorizar o organismo nacional de defensa a controlar as comunicacións internacionais. Iniciativa que o próprio xefe do servizo de intelixéncia calificou de "completamente allea à nosa forma de governo". O governo aduz que o seu propósito é apenas legalizar o que o Ministério de Defensa ven facendo desde hai décadas.

EQUIPAMENTO EN ESPIONAXE TELEFÓNICA

En 1994, os EUA aprovaron a chamada Communications Assistance for Law Enforcement Act (CALEA), lei que esixe aos fabricantes que os seus aparatos estexan equipados con a tecnoloxia necesária para poderen ser interceptados. Despois, o governo dos EUA iniciou unha campaña para instar os governos e as organizacións internacionais como o G8, a Unión Internacional de Telecomunicacións e o Consello de Europa a incrementaren a vixiláncia estabelecendo estándares técnicos e promulgando leis que a favorezan. Un dos seus logros foi o Tratado sobre o Cibercrime do Consello de Europa.

De facto, o dispositivo de vixiláncia existe xa en todos os aparatos de telecomunicacións e agora amplia-se à Internete e a outras tecnoloxias de comunicacións. Tamén no terreno legal os esforzos tiveron éxito pois muitos estados, entre eles o Reino Unido e Sudáfrica, adoptaron recentemente leis similares à CALEA e outros, como Zimbabwe e Indonésia, están pensando en facé-lo.

Estas novas posibilidades de vixiláncia facilitan que calquer persoa poda interceptar comunicacións. En Grécia, por exemplo, descobriu-se en 2006 que persoas descoñecidas violaran a seguranza do operador de teléfonos móveis Vodafone e usaran o dispositivo de vixiláncia incorporado na equipa de Ericsson para vixiar as comunicacións de mais de 100 personalidades, entre elas o Primeiro Ministro Costas Karamanlis e vários xornalistas. En Itália, en 2006, divulgaron-se na prensa as transcripcións de escuitas ilegais e os resultados da vixiláncia xeneralizada a que foran submetidos os xornalistas.

INFORMACIÓN TRANSACCIONAL

As posibilidades da nova era dixital facilitan o controlo das comunicacións. Existen rexistos dixitais que incluen historiais pormenorizados das chamadas, a localización do lugar en que se estabelece a comunicación através de teléfonos móveis, o rexisto das mensaxes electrónicas enviadas e recebidas e os sítios web visitados.

O buscador Google conserva os rexistos de todas as procuras por tempo indefinido, ainda que recentemente a empresa prometeu reducir a dous anos a información indentificável.

Estes rexistos poden resultar mui delicados e revelar tanto as fontes dos xornalistas como os seus proxectos de investigación presentes e futuros. Na China, a compañia americana Yahoo revelou ao governo, entre outra información, o enderezo electrónico do xornalista Shi Tao, o que deu como resultado o seu encarceramento con unha condena de dez anos. Nos EUA, un tribunal de apelación resolveu en 2006 que o New York Times non poderia protexer as suas gravacións telefónicas no curso dunha pesquisa con a que se tentava averiguar quen fornecera información sobre unha investigación anti-terrorista. No Reino Unido, con o fin de averiguar a fonte de información, a polícia de Suffolk conseguiu as gravacións telefónicas dun xornalista do East Anglian Evening Star cando este telefonou à polícia para indagar sobre un caso non resolvido.

Este problema non se limita à obtención de información por parte dos governos. Nos EUA, detectives privados que traballavan para a compañia Hewlett-Packard obtiveron ilegalmente as gravacións telefónicas de vários xornalistas que escrevian acerca das reunións do consello de administración da empresa. En Finlándia, o ex director xeral e outros empregados da compañia de tele-comunicacións Sonera e vários funcionários governamentais foron declarados culpáveis en 2005 por teren controlado as comunicacións telefónicas de dous xornalistas de Helsingin Sanomat e de empregados de Sonera para averiguar as fontes que filtravan a información.

A facilidade de aceso à información dos xornalistas e das suas actividades agrava-se con a adopción de leis de conservación de dados que obrigan os servidores de telecomunicacións a recoller e armazenar información sobre as actividades dos seus clientes. Esta información inclui pormenores sobre e-mails enviados e recebidos (polo menos a información do remetente e do destinatário, o tema, o nome dos documentos anexos e o tamaño da mensaxe), sítios web visitados e mensaxes instantáneas. Esixe-se aos operadores de telefonia móvel conservaren a información sobre chamadas e mensaxes enviadas e recebidas, asi como proporcionaren a ubicación das persoas cando estas usan o seu sistema. O tempo de armazenamento pode ser mais de cinco anos.



En 2005, a Unión Europea adoptou unha directiva segundo a cal todos os países da UE han de aprovar leis sobre armacenamento de dados que deverán estar disponíveis entre 6 meses e 2 anos. Alguns estados, como Polónia, solicitaron poder conservar a información durante mais de 15 anos. A directiva entrará en vigor en Setembro de 2007 e a mais tardar en Marzo de 2009 todos os estados membros da UE deverán ter capacidade para conservar os dados de aceso à Internete, comunicacións telefónicas e electrónicas (a legalidade desta directiva é cuestionada no entanto polos tribunais de Irlanda). Nos EUA, onde non existe normativa algunha sobre armacenamento de dados, o presidente Bush presiona directamente o Congreso. Recentemente foi apresentado un proxecto de lei mais agora na cámara son maioria os democratas e isto pode pór-lle as cousas mais difíceis.

CONCLUSIÓN

Grazas aos adiantos tecnolóxicos, cada vez é mais difícil garantir a protección da identidade das fontes. Os lexisladores teñen de resistir a presión dos governantes interesados en controlar todas as persoas en nome da guerra contra o terrorismo e teñen de garantir que estes adiantos non socavan as protecções legais dos xornalistas. Ao mesmo tempo, os xornalistas e as suas fontes han de extremar as precaucións cando se reúnen ou comunican entre si para limitar as posibilidades de seren localizados pois a espionaxe en nome da seguranza está ameazando este direito esencial en muitos países.

Nota: *David Banisar é Director de Proxecto de Liberdade de Información en Privacy Internacional, un grupo de direitos humanos con sede no Reino Unido e profesor investigador convidado do Departamento de Direito da Universidade de Leeds.*

QUE SON AS LEIS DE DIFAMACIÓN?

Article19

Via de regra, o termo "lei de difamación" é usado para designar calquer lei relativa à protección da reputación ou os sentimentos das persoas. Todos os estados contan con leis deste tipo, embora exista unha grande variedade de termos para as descrever: libelo, calúnia, difamación, insulto ou inxúria e desacato.

Ainda que é claro que as leis de difamación poden servir propósitos lexítimos, na prática a miúdo representan restricións desnecesárias e inxustificadamente graves à liberdade de expresión, tanto pola amplitude da sua aplicación como pola dureza das sancións previstas e a frecuentemente escasa, cando non nula, provisión de disposicións que garantan a defensa adecuada.

Unha boa lei de difamación poderia definir-se como unha lei cuxo propósito é o de protexer as persoas contra declaracións de feitos falsas que causen dano às suas reputacións. O que implica que, para ser difamatória, unha declaración deve:

1. ser falsa,
2. estar baseada en feitos
3. causar danos, e
4. estes danos afectaren à reputación dunha persoa (deverá portanto ser lida, ouvida ou vista por outras persoas).

DESALENTAR O DEBATE

Algunhas leis de difamación procuran explicitamente desalentar o debate sobre as instituicións públicas proibindo críticas ao Xefe ou Xefa de Estado, à bandeira ou a outros símbolos e entidades públicas, ou endurecendo as sancións cando unha declaración difamatória afecta algunha destas entidades.

Mesmo no caso de estas leis seren aplicadas con moderación, a sua mera existéncia pode fomentar a autocensura dos meios de comunicación e as persoas individuais.

Outro defeito comum que permite o abuso destas leis, onde non son infrecuentes palabras como "insulto", "afronta" ou "calunia", é a protección dos sentimentos, non das reputacións. Ora, como os sentimentos non se prestan à definición senón que son mais ben emocións subxectivas, estas leis poderán ser interpretadas dunha maneira flexível para as adaptar às necesidades das autoridades ou para prevenir a crítica. Por outra parte, a própria natureza subxectiva do que constitui un insulto fai con que resulte mui difícil a defensa contra unha acusación deste tipo.

Tamén o termo "honra", que amiúde substitui ou acompaña termos como "reputación" e "inxúria", resulta ambíguo: pode referir-se tanto aos sentimentos internos de alguén como à percepción que a comunidade ten desa persoa.

O Artigo 267 do Código Penal de Dinamarca, por exemplo, proibe a violación da "honra persoal doutro/a mediante palabras ou condutas ofensivas ou facer ou propagar acusacións de actos que puderen denegrir unha persoa na estima dos seus concidadáns".

A segunda parte desta disposición corresponde-se con unha xenuina lei de difamación que protexe reputacións, no entanto a primeira parece ir mais lonxe ao proibir actos que danan sentimentos subxectivos de outro/a, ou sexa palabras ou condutas ofensivas.

LIBERDADE DE EXPRESIÓN V. PROTECCIÓN DE REPUTACIÓNS

O Artigo 19 do Pacto Internacional sobre os Direitos Civis e Políticos (PIDCP) estabelece parámetros claros para as limitacións à liberdade de expresión, acentuando que as restricións ao exercício deste direito deverán estar expresamente fixadas pola lei e ser necesárias para:

a) Garantir o respeito aos direitos ou a reputación de outras persoas;
b) A protección da seguranza nacional, a orde pública ou a saúde ou moral públicas.

Para iso, estipula-se unha prova tripartida:

1. calquer restrición ao direito à liberdade de expresión deverá ser conforme a unha lei ou regulamento;
2. a restrición legalmente sancionada deverá protexer ou promover un propósito considerado lexítimo da perspectiva do direito internacional;
3. a restrición deverá ser necesária para a protección ou promoción do propósito lexítimo.

As restricións à liberdade de expresión consisten en calquer tipo de formalidade, condición, restrición ou sanción imposta por unha entidade pública no exercício do direito, sen reparar na sua severidade. Por exemplo, unha lei que requer aos indivíduos declarados culpáveis de difamación publicaren unha rectificación é unha restrición à liberdade de expresión e é lexítima unicamente no caso de cumprir con a prova tripartida.

O primeiro ponto implica portanto que unha restrición à liberdade de expresión non pode ser resultado do capricho dun funcionário público senón que deverá alicerzar nunha lei ou regulamento pre-existente. No entanto, a condición vai mais alá: a lexislación que restrinxe a liberdade de expresión deverá ser clara e acesível, para permitir às persoas preveren razoavelmente as consecuéncias das suas accións. Isto quer dicer que todos os aspectos das leis de difamación deverán estar ben definidos, mesmo no que a indenizacións que puderen ser adxudicadas di respeito.

Existen várias razóns fundamentais para isto. En primeiro lugar, é cuestión de xustiza que non se restrixan os direitos das persoas sen as informar prévia e adecuadamente do que está proibido. Leis imprecisas que permiten demasiadas posibilidades de interpretación poden dar lugar a abusos e provocan o que se coñece como "efeito enfriador". Ao introduciren incertidume sobre o que está e non está permitido, fomentan a auto-censura e evitan a discusión sobre asuntos lexítimos e importantes.

O segundo requisito para as restricións à liberdade de expresión estaren xustificadas é que estas deverán servir un propósito lexítimo, ben delimitado no Artigo 19 do PIDCP e que estabelece unha base legal clara para xenuínas leis de difamación: o respeito dos direitos e reputación doutras persoas. Non se incluen sentimentos nen a autoestima doutras persoas, portanto as leis que protexen os sentimentos non cumpren este requisito.

A parte final da prova estabelece que unha restrición à liberdade de expresión deverá ser verdadeiramente necesária para lograr o seu propósito, o que pode parecer unha obviedade: se unha restrición a un direito non é necesária, para qué a impor? No entanto, na maioria dos casos as resolucións dos tribunais internacionais que admiten ter sido vulnerado o direito à liberdade de expresión basean-se precisamente na consideración de a restrición impugnada non ser necesária. O requisito da "necesidade" impón controlos de calidade estritos nas leis que restrinxen a liberdade de expresión:

1. deverán dar resposta a unha necesidade social apremiante, non só a unha cuestión de conveniéncia;
2. deverá recorrer-se sempre à medida menos intrusa posível (fechar un xornal, por exemplo, considera-se unha medida excesiva);
3. deverá prexudicar o direito o menos posível e afectar apenas aquilo que fose especificamente prexudicial (unha lei que proíba todos os ataques à reputación non satisfai esta prova, por canto –entre outras cousas- proibiria declaracións críticas mais verídicas);
4. o impacto das restricións deverá ser proporcionado, o que quer dicer que o prexuízo dunha medida à liberdade de expresión non deverá pesar mais que os benefícios ao interese que se pretende servir (unha restrición que proporciona protección limitada à reputacion dunha persoa mais socava seriamente a liberdade de expresión non satisfaria este estándar);
5. os tribunais deverán tomar en conta todas as circunstáncias no momento de se aplicar a restrición.

RESPONSABILIDADE PENAL

Ainda que muitos países incluen a difamación nos delitos penais, hoxe tende-se a considerar esta figura como unha restrición inxustificável à liberdade de expresión e a suprimi-la a favor da difamación civil. Países como Bósnia e Herzegovina (2202), Georgia (2004), Ghana (2001), Sri Lanka (2002) ou Ucránia (2001) xa despenalizaron a difamación e muitos outros limitaron o seu impacto eliminando a posibilidade de encarceramento.

Contodo, ainda hai estados en que estas leis poden resultar en imposición de sancións severas, condenas, multas ou, no caso de xornalistas, suspensión do direito de exercer a profisión. Mesmo no caso de as sancións máximas seren leves, a difamación penal leva as persoas procesadas a encarar a posibilidade de seren arrestadas, submetidas a detención prévia ao xuízo e suxeitas a un proceso penal. Ainda que o tribunal impoña unha multa menor, poden ter que carregar con antecedentes penais e facer frente ao estigma social asociado a iso. Un problema frecuente é o da imposición de penas que son cumpridas en rexime de liberdade condicional: a persoa permanece en liberdade mais fica "calada" pois calquer condena adicional resultará en detención imediata.

Este efeito exacerba-se naqueles países en que son precisamente os actores sociais poderosos –altos funcionários do governo ou homes de negócios destacados- os que apresentan a maioria das demandas porcanto utilizan a miúdo as leis de difamación para se protexeren das críticas ou da divulgación de feitos veridicos mais vergoñosos.

Outra obxección importante às leis de difamación criminal é que o propósito de protexer as reputacións das persoas pode lograr-se através do direito civil, como confirma a experiéncia de países que derrogaron ou xa non usan as suas leis de difamación criminal. De resto, a difamación é un asunto privado entre indivíduos e unha condena penal non resarcirá à persoa difamada con indenización algunha pois na maioria dos sistemas legais as multas van directamente aos fondos do Estado.

A OPINIÓN DOS ORGANISMOS INTERNACIONAIS

Organismos internacionais como a ONU recoñeceron a ameaza que representan estas leis e recomendaron a sua derrogación.

- A Comisión de Direitos Humanos da ONU expresou repetidamente a sua preocupación polas leis de difamación criminal e instou os estados a "garantiren que a difamación non sexa castigada con encarceramento" (Observacións Finais sobre Itália, 24.04.06, parágrafo 19). A Comisión aprovou a derrogación das leis de difamación criminal onde esta foi levada a cabo.
- O Relator Especial da ONU para a Liberdade de Opinión e Expresión afirmou no seu Relatório anual de 1999 que "as sancións por difamación non deverán ser tan graves como para exerceren un efeito enfriador sobre a liberdade de opinión e expresión e o direito a buscar, receber e difundir información; sancións penais, nomeadamente a detención, non deven ser aplicadas nunca". Nos Relatórios dos dous anos seguintes, o Relator foi ainda mais lonxe, chamando todos os Estados a revogaren as leis de difamación criminal a favor de leis de difamación civil.
- En Declaracións Conxuntas do Relator Especial da ONU e os seus homólogos da OSCE e a OEA, realizadas en Novembro de 1999, Novembro de 2000 e Decembro de 2002, insistiu-se mais unha vez sobre a necesidade de todos os Estados revogaren as leis de difamación criminal. "A difamación criminal non é unha restrición xustificável à liberdade de expresion; todas as leis de difamación criminal deverán ser derrogadas e substituídas, onde for preciso, por leis apropriadas de difamación civil."

- Na Declaración de Sana'a, auspiciada pola UNESCO, afirma-se: "As disputas en que estiveren comprometidos meios de comunicación e/ou xornalistas no exercício do seu lavor profisional... deverán ser procesadas sob códigos e procedimentos civis e non criminais."
- O Tribunal Europeu de Direitos Humanos declarou en muitas ocasións que "a posición dominante que ocupa o Governo fai necesário que este demostre moderación ao recorrer a procesos penais" en casos de difamación. Non descartou por completo a difamación criminal, mais afirmou que tais medidas deverán ser adoptadas só onde os Estados actuan "na sua capacidade como garantes da orde pública" e onde se espera que "eles reaxan apropriadamente e sen exceso às acusacións difamatórias carentes de base ou formuladas de má fé."
- O Tribunal Interamericano de Direitos Humanos resolveu que se vulnerara o direito à liberdade de expresión en dous casos importantes relacionados con difamación criminal aplicada a asuntos de interese público.
- O Secretário Xeral do Consello de Europa chamou todos os Estados Membros a "derrogaren disposicións penais" na área da difamación (Declaración do 3 de Maio de 2006, Dia Mundial da Liberdade de Prensa).

FUNCIONÁRIOS PÚBLICOS E POLÍTICOS

En muitos países, as leis de difamación proporcionan maior protección a certos funcionários públicos (entre os que frecuentemente se incluen o Xefe ou Xefa de Estado) que ao resto das persoas. Por veces, o nível da crítica permitida contra tais indivíduos é mais baixo, noutros casos as sancións máximas son mais altas ou os funcionários públicos benefician de axuda especial do estado ao apresentaren demandas por difamación. Non obstante, os tribunais internacionais de direitos humanos afirmaron consistentemente que os funcionários públicos deverán tolerar mais, non menos, crítica que o resto das persoas. Ao optaren por unha profisión que involucra ter responsabilidades para con o público, os funcionários prestan-se conscientemente ao escrutínio das suas palabras e accións, quer sexa polos meios de comunicación, quer polo público en xeral. Aliás, o debate vigoroso sobre as actuacións dos funcionários e do governo é un aspecto importante da democracia. Para garantir que este debate poda levar-se a cabo sen restricións, totalmente libre da ameaza de demandas legais, deverá circunscrever-se todo o posível o uso las leis de difamación por funcionários públicos.

CONSTITUICIÓN ESPAÑOLA

TÍTULO II. DA COROA

Artigo 56

3. A persoa do Rei é inviolável e non está suxeita a responsabilidade.

CÓDIGO PENAL

Artigo 215

1. Ninguén será penado por calúnia ou inxúria senón en virtude de querela da persoa ofendida polo delito ou do seu representante legal. Procederá-se de ofício cando a ofensa se dirixir contra funcionário público, autoridade ou axente da mesma sobre feitos concernentes ao exercício dos seus cargos.

Artigo 490

3. O que caluniar ou inxuriar o Rei ou calquer dos seus ascendentes ou descendentes, a Raiña consorte ou ao consorte da Raiña, o Rexente ou algun membro da Rexéncia, o Príncipe herdeiro da Coroa, no exercício das suas funcións ou con motivo ou ocasión destas, será castigado con a pena de prisión de seis meses a dous anos se a calúnia ou inxúria foren graves, e con a multa de seis a doce meses se non o foren.

Artigo 491

1. As calúnias e inxúrias contra calquer das persoas mencionadas no artigo anterior, e fora dos supostos previstos no mesmo, serán castigadas con a pena de multa de catro a vinte meses.
2. Imporá-se a pena de multa de seis a vinte-e-catro meses a quen utilizar a imaxe do Rei ou de calquer dos seus ascendentes ou descendentes, ou da Raiña consorte ou do consorte da Raiña, ou do Rexente ou de algun membro da Rexéncia, ou do Príncipe herdeiro, de calquer forma que poda danar o prestíxio da Coroa.

NOTÍCIAS .....

A HONRA DE HASSAN II

O pasado 3 de Maio (Dia Mundial da Liberdade de Prensa), o Comité Coordenador das Organizacións de Liberdade de Prensa (CCOLP), aprovou por unanimidade unha resolución en apoio do xornalista José Luís Gutiérrez, director no seu dia do desaparecido xornal Diario 16, a quen considera vítima de acoso xudicial nos tribunais españóis.

OS FEITOS

En 1996, Hassan II, na altura rei de Marrocos, apresentara unha demanda de protección da honra contra Gutiérrez e Rosa María López, seis meses despois da publicación dunha reportaxe desta última ("Unha empresa de Hassan II implicada no narcotráfico") sobre o decomiso de cinco toneladas de haxixe en Alxeciras transportadas nun camión de Domínios Reais, empresa da família real marroquina.

Rosa María López foi condenada pola Lei Orgánica sobre Protección Civil do Direito à Honra, à Intimidade Persoal e Familiar e à Própria Imaxe de 1982 e José Luís Gutié-

rrez pola Lei de Prensa e Imprenta de 1966, ainda vixente e con capacidade punitiva na metade dos seus títulos.

As duas leis en que se fundamenta a condena, herdadas ou adaptadas da ditadura franquista, obrigan a persoa demandada a provar a veracidade ou falsidade dos feitos e a demanda atinxe non só a autora da crónica senón tamén o director da publicación e a casa editorial (o que se coñece como "efeito cascata").

Ora, apesar de os feitos recollidos na reportaxe teren sido provados certos, as condenas foron ratificadas polo Tribunal Supremo e posteriormente polo Constitucional, cuxos maxistrados –segundo a resolución do Comité- "non só cuestionaron a veracidade da información, que fora confirmada pola polícia e a sentenza dunha instáncia inferior, senón que tamén calificaron a crónica de 'insidiosa'".

NO TRIBUNAL EUROPEU

Como Gutiérrez, tamén o director de Le Monde fora condenado no seu dia, no chamado "caso Colombani", por idénticos motivos. O xornal francés publicara unha crónica de similar contido sob o título "Marrocos, primeiro exportador mundial de haxixe. Un relatório confidencial relaciona con o asunto o contorno de Hassan II". Despois de recorrer ao Tribunal Europeu de Direitos Humanos (TEDH) o director de Le Monde resultou absolvido e o Estado francés foi obrigado por sentenza (do 25.06.2002) a pagar unha indenización e a retirar da sua lexislación a normativa de protección de mandatários estranxeiros contrária à liberdade de información.

A finais do pasado mes de Abril, José Luís Gutiérrez levou o seu caso ao TEDH e, o mesmo 3 de Maio, sete dos nove membros do CCOLP remeteron un documento do tipo "amicus curiae", redixido por Kevin Goldberg, Xefe do Comité Mundial de Liberdade de Prensa, en que urxen o Tribunal a ordenar a eliminación das duas leis utilizadas contra López e Gutiérrez. Instan asi mesmo o Estado español "a aceitar que unha democracia aberta e florecente necesariamente requer a existéncia dunha prensa libre capaz de informar sobre os actos de funcionários e líderes políticos e de expresar opinions editoriais, mesmo se esas opinións son críticas".

Por outra parte, a resolución do Comité considera a sentenza "un ataque contra o Artigo 19 da Declaración Universal dos Direitos Humanos da ONU e califica este caso de "mui perigoso precedente que permite que os xornalistas de países democráticos sexan silenciados polos líderes de governos autocráticos". Finalmente, insta o TEDH a "declarar o caso nulo, a restaurar o bon nome de Gutiérrez, a ordenar ao Estado español que elimine as duas leis en que se fundamentaron a querela e as sentenzas e "compensar financeiramente [o recorrente] despois de mais dunha década de inxusto acoso xudicial".

Asinan o documentos: o Comité para a Protección de Xornalistas, a Asociación Mundial de Xornais, O Instituto Internacional de Prensa, a Federación de Prensa Periódica, a Sociedad Interamericana de Prensa, a Asociación Internacional de Radio-Difusión, Comité Mundial de Liberdade de Prensa.

OS SAGRADOS VALORES DO REINO

O Tribunal de 1ª instáncia da cidade de Ksar el Kebir ditou o pasado 22 de Maio (despois dunha sesión que comezou às 14 horas do dia 21 e rematou ao dia seguinte às 8 da mañá) sentenza condenatória firme contra 5 membros da Asociación Marroquina de Direitos Humanos (AMDH).

Os cinco activistas de direitos humanos (Thami el Khayat, presidente da Asociación Nacional de Diplomados no Desemprego; Youssef Erragab, desempregado; Oussasma ben Messoud, desempregado; Ahmed al Kaatib, desempregado; Mohammed Rabii Rissouni, funcionário municipal), foron condenados a 3 anos de prisión e dez mil dirhams de multa por "atentar contra a sacralidade dos valores do reino" coreando palabras de orde contra a situación política de Marrocos no decurso da manifestación do 1º de Maio de 2007.

DESPROTECCIÓN DE FONTES

O 15 de Maio a sección europea da Federación Internacional de Xornalistas (FIX), fixo público un comunicado en que condena a frustrada tentativa de un xuiz francés de rexistar os locais do semanário satírico Le Canard Enchaîné para averiguar as fontes de dous xornalistas. Cando ia entrar na sala de redacción, vários traballadores bloquearon a entrada e o xuiz tivo que conformar-se con tomar nota de un número de fax.

"Trata-se dun caso flagrante de intimidación de xornalistas", manifestou Arne König, Directora da FIX. "Alegra-nos que o xuiz non conseguise levar a cabo o rexisto mais preocupan-nos as constantes perigos que ameazan a confidencialidade das fontes na Franza e noutros países de Europa ((Latvia, Gran Bretaña, Irlanda, Alemaña, Itália e Dinamarca) onde non existe unha lexislación que regule a sua protección". A FIX reclama unha solución de ámbito europeu para resolver este problema.

VULNERADOS DIREITOS MIGRANTES

As 23 persoas migrantes que permaneceron retidas durante tres meses nun armacén de peixe no porto de Nuadibu (Mauritánia), despois de teren sido desem-

barcadas do Marine I, foron finalmente transladadas a un Centro de Internamento de Emigrantes a finais de Maio, horas despois de Amnistia Internacional, Médicos do Mundo e a CEAR teren emprendido accións de denúncia perante o Valedor do Povo español, a Fiscalia Xeral do estado e os meios de comunicación.

Estas persoas negaran-se a asinar a sua repatriación voluntária despois de que o governo Zapatero negociase con Mauritánia o desembarco das 369 ocupantes do Marine I e, apesar de todas elas teren manifestado temor polas suas vidas se finalmente fosen enviadas ao país de orixe, ninguén lles proporcionou información sobre os seus direitos nen lles facilitou aceso a un procedimento de asilo con todas as garantias.

Segundo Médicos do Mundo, a incertidume sobre o seu futuro e as condicións materiais en que pasaron os tres meses de reclusión no armacén de peixe, sen ver a luz, afectou seriamente a saúde mental destas 23 persoas.

Lembremos que a Audiéncia Nacional desestimara o recurso apresentado pola CEAR, en que esta asociación solicitava medidas cautelarísimas extraordinárias perante os claros indícios que existian de estas persoas precisaren de protección internacional.

MIGRANTES EN TRÁNSITO

"Do 4 ao 9 de Abril, unha delegación da Asociación Pro-Derechos Humanos de Andalucia (APDHA) visitou Oujda (Marrocos) e comprovou mais unha vez a situación limite en que viven as persoas migrantes subsaarianas en tránsito e a multiplicación de esforzos que as asociacións solidárias fan de contínuo apesar de careceren de meios", asi comeza o relatório da APDHA en que se descreven as condicións das persoas en tránsito nesta cidade marroquina próxima à fronteira, lugar de pasaxe para os que entran desde Arxélia e os que a polícia de Marrocos expulsa.

"O 23 de Decembro pasado houvo grandes redadas en Rabat, Nador e El Aiún que supuxeron –nun dia- a deportación à zona dunhas 500 persoas. 73 destas persoas eran solicitantes de asilo político con papéis do Alto Comisariado para os Refuxiados (…). No entanto, o feito de ter papéis ou mesmo estatus de refuxiado non garante o respeito nen a liberdade de circulación. Cando levan a cabo as redadas, a polícia racha os papéis que podan supor un recoñecimento da sua situación e deixa as persoas migrantes na maior desprotección. Unha congoleña con estatus recoñecido de refuxiada, que fora deportada à fronteira en estado mui avanzado de xestación, deu à luz sen que os seus papéis oficiais de refuxiada fosen bastante para ser admitida no hospital. 'Case é mellor non os mostrar aos axentes para que non chos rompan', afirmava.

"Contodo, a pior experiéncia para os migrantes é seren detidos. Aseguran que a policia marroquina lles rouba todo o que teñen de valor: diñeiro, teléfonos móveis, etc. e durante a detención a miúdo non lles dan de comer, mallan neles e humillan-nos. Os maus tratos son a norma.

"Neste contexto, a situación das mulleres é particularmente vulnerável. Submetidas a frecuentes violacións perpetradas por axentes de ambos os países, marroquinos e outros subsaarianos, as desaparicións son frecuentes. En Xaneiro cinco filipinas foron expulsadas pola fronteira arxelina e non se volveu saber delas. Teme-se que pudesen ter sido raptadas por bandas de traficantes. En Abril desapareceu unha muller e o seu fillo despois de teren sido abandonados na fronteira."

O relatório pode ler-se en : www.apdha.org .

DESLOCALIZACIÓN E DADOS PERSOAIS

A Coordenadora Unitária e Traballadores de Telemarketing fixo público un comunicado en que alerta da posibilidade de seren vulnerados direitos dos consumidores garantidos no Estado español con a deslocalización de empresas, informa Xornal.com. Denuncian en en concreto o feito de várias compañias de tele-comunicacións teren remetido dados persoais dos seus clientes a sucursais ou subcontratas no estranxeiro.

HOMOFOBIA EN EUROPA

O Parlamento Europeu aprovou o pasado 26 de Abril unha Resolución en que expresa a sua preocupación pola anunciada intención do governo polaco de decretar a ilegalidade da chamada "propaganda homosexual" nos centros de ensino. No texto, que recebeu 325 votos a favor, 124 en contra e 150 abstencións, solicitase o envio a Polónia dunha comisión de investigación e advoga-se pola "descriminilización universal da homosexualidade", ao tempo que urxe a Comisón a levar aos tribunais os Estados membros que violaren as suas obrigacións.

Pola sua parte, a Valedora do Menor de Polónia, Ewa Sowinska, solicitou a un grupo de psicólogos analisaren se os 'Teletubbies', a famosa série televisiva para a infáncia, teñen algun indício de homosexualidade.

A personaxe Tinky Winky é a causante da preocupación de Sowinska, que teme que a série poda facer 'propaganda homosexual'. "Xa me dera conta que Tinky Winky levava un bolso, mais non sabia que fose un rapaz", declarou Sowinska. "Máis tard souben que aí poderia haver un nexo homosexual oculto".

PANCADARIAS EN VIGO, CORUÑA, FERROL, LISBOA

En Coruña foron os traballadores municipais congregados no Cantón Grande para reclamar melloras lavorais os que foron obxecto de violentos ataques da polícia local, en Vigo os traballadores en folga do metal e na ria de Ferrol os mariscadores que protestavan contra a chegada dos primeiros gaseiros à planta de Reganosa.

En Lisboa, segundo informa a asociación República e Laicidade, no ámbito das comemoracións do 25 de Abril e no seguimento da «grande manifestación» que, como é costume, desceu a Avenida da Liberdade, tivo lugar unha demonstración que pretendia ser "um veemente protesto contra as expressões públicas (xenófobas e não só), quer do partido PNR, quer de agrupamentos neo-nazis/fascistas que lhe estão próximos". A demostración acabou nun conflito en extremo violento que as asociacións civis atribuen "à responsabilidade das forças policiais".

A asociación lusa responsabiliza as forzas policiais do "lançamento dos «verylights», a quebra duma vitrina e, sobretudo, a violência brutal de uma intervenção que terá sido pautada pelo «mote» (gritado no início da pancadaria pelo comandante da força policial) "é o que vocês merecem, «comunas» de merda; merecem é levar nos cornos…!!!", acrescentando que "vários testemunhos referem a existência de «agentes (policiais) infiltrados» – que, a dado momento, se terão virado contra os manifestantes – e sugerem a organização premeditada de uma «operação punitiva»"

MOSSOS, VÍDEOS E KUBOTÁN

Os Mossos d'Esquadra foron notícia nos últimos tempos por acumularen un elevado número de denúncias, pola morte de un detido que conducian às dependéncias policiais, por protagonizaren accións de maus tratos contra persoas detidas que foron gravadas por cámaras ocultas e por utilizaren o chamado Kubotán contra un grupo de okupas, instrumento usado nalgunhas artes orientais de aparéncia inofensiva mais de efeitos graves se as persoas que participan no enfrentamento non dominan as suas técnicas, segundo afirma Morihei Ueshiba, Fundador do Aikido

Lei de Armas e Explosivos
Armas proibidas

1, Proíbe-se a fabricación, importación, circulación, publicidade, compra-venda, tenéncia e uso das seguintes armas ou das suas imitacións: [...]

h) As defensas de arame ou chumbo; os quebracabezas; as chaves de puxilato, con ou sen puas, os tirachinas e zarabatanas aperfeizoados; os nunchacos e xiriquetes, asi como caisquer outros instrumentos especialmente perigosos para a integridade física das persoas.

(http://www.webpolicial.net/kubotan.html).

"Os Mossos levavan armas regulamentares", declarou Joan Saura, Conseller de Interior da Generalitat de Cataluña (El País, 21.05.07).

DESPROTECCIÓN DE DADOS

"Axencia Española de Protección de Datos entende probado que o Concello de Compostela incumpre a lexislación ao non facilitar o dereito de acceso a datos de carácter persoal. O Concello emitira un informe no que recoñecía a existencia de diversos arquivos –en posesión da Policía Local- sobre o coordenador do MpDC, e este solicitou acceder a todos os informes contidos nos ficheiros da Policía", denuncia o Movemento polos Dereitos Civis.

OPACIDADE INFORMATIVA

O Movemento polos Dereitos Civis denuncia tamén que a Delegación do governo en Galiza se nega a facilitar dados sobre as cámaras de vídeo-vixiláncia instaladas nos concellos, apesar de a lei estabelecer que esta información deve ser de coñecimento público.

"Como é coñecido, diversas cidades e vilas de Galiza optaron nos últimos anos por colocar cámaras de videovixilancia ou estudar a súa instalación en lugares moi concorridos, como medida de "seguridade" adicional ás funcións dos Corpos de Seguridade. Sen embargo, tense comprobado que son unha clara intromisión no dereito á intimidade e á propia imaxe, sen que os procedimentos garantistas estipulados para a cidadanía (acceso ás imaxes, garantía da destrucción inmediata das imaxes que non se utilizan) se cumpran; ademáis resultan dunha escasa utilidade, xa aínda non serviron para resolver ningún delito, que é en teoría a súa función.", afirma.

COMPROMISO INCUMPRIDO

No apartado "Medios de comunicación" do "Acordo sobre bases programáticas para a acción da Xunta de Galicia", asinado no seu dia polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, figura o seguinte compromiso:

"Elaboración dunha lei que garanta a autonomía e o carácter de servizo público da CRTVG. Esta lei establecerá o nomeamento do director xeral por maioría cualificada do Parlamento e garantirá o acceso dos distintos sectores e organizacións sociais galegos aos medios de comunicación públicos."

Continuamos aguardando.

RELATÓRIO ANUAL DO VALEDOR ESPAÑOL

O pasado 29 d Maio, o Valedor do Povo español apresentou nas Cortes Xerais o Relatório correspondente ao ano 2006.

Contrariamente ao que viña sendo habitual, este ano o Relatório da Oficina do Valedor recolle vários casos de posíveis maus tratos (37), de "tratamento incorrecto" (124) e mesmo de tortura (entre eles o caso de Torrevieja) en que estarian implicados axentes das Forzas de Seguranza do Estado. Asi mesmo fai-se referéncia a vários casos de persoas mortas sob custódia e reclama-se a abertura de expedientes disciplinários aos axentes imputados por algun destes delitos.

UN FERRO ADENDO

Un nutrido grupo das mais importantes asociacións do Estado español que traballan no ámbito da defensa dos direitos humanos, acaba de facer público un documento sobre a reportaxe emitida o pasado 20 de Abril polo 2º canal da TVE.

O pasado 20 de Abril o canal 2 da TVE emitiu o documentário "A alma dos verdugos", co-dirixido e co-apresentado polo Xuiz da Audiéncia Nacional española Baltasar Garzón. O contido do documentário supón posivelmente un arrimo importante para quen durante anos buscou o recoñecimento e a reparación dos centos de vítimas que sofreron as detencións arbitrárias, a tortura, as desaparicións, en definitivo o terrorismo de estado en Arxentina, Chile ou outros países de Latino América entre os anos setenta e oitenta. Sempre é bon que a tortura sexa denunciada, e é verdade que o documentário puxo sobre a mesa unha realidade lancinante.

No entanto, duvidamos, e asi facemo-lo público, que a persoa mais adecuada para veiculizar esta denúncia sexa o xuiz Baltasar Garzón, quen foi apresentado asi mesmo como unha autoridade en matéria de perseguir torturadores.

Como o próprio Vecente Romero –co-director do documentário- afirmou "continua havendo torturas noutros lugares, continua havendo secuestros, desaparicións e cárceres secretas". Precisamente Garzón, na sua actividade diária à frente do tribunal especial anti-terrorista que é a Audiéncia Nacional coñece perfeitamente esta realidade, de primeira mao, porcanto emana del mesmo a orde de incoumunicar as persoas acusadas de terrorismo, verdadeiro espazo de impunidade en que se producen torturas brutais. .

E é que a impunidade dos torturadores non é algo que afectase apenas as ditaduras do Cono Sul americano senón tamén o Estado español. As recomendacións reiteradas polo Comité para a Prevención da Tortura e do Comisário para os Directos Humanos do Consello de Europa, do Comité de Directos Humanos, do Comité contra a Tortura e do Relator contra a Tortura das Nacións Unidas, asi como de organismos non governamentais da altura de Amnistia Internacional Human Rights Watch ou a Organización Mundial contra a Tortura denuncian un sistema que facilita ou ampara a existéncia dun cadro grave de torturas no Estado español onde, segundo denuncian as asociacións e colectivos que traballan neste ámbito, no que levamos de século terian-se producido mais de 700 caos anuais de denúncias por torturas e maus tratos que afectarian persoas de todo tipo e condición.

Mais estas denúncias –e as condenas- non son unicamente xenéricas, tamén apontan directamente ao co-autor da reportaxe Baltasar Garzón. En vésperas dos Xogos Olímpicos de Barcelona desenvolveu-se en Cataluña a chamada "Operación Garzón" que se saldou con a detención por parte da Guarda Civil dunhas trinta persoas, a maioria delas vinculadas ao movimento independentista catalán. Muitas das persoas arrestadas denunciaron teren siido submetidas durante os interrogatórios a torturas como a bolsa, golpes en todo o corpo, electrodos, dificultar o sono, ameazas e simulacros de execución. Algunhas tentaron suicidar-se. O caso foi resolvido 12 anos despois en sentenza de 2 de Novembro de 2004 polo Tribunal Europeu de Directos Humanos de Estrasburgo, que asinalou ter a convicción de que a investigación das denúncias non tiña sido "o suficientemente profundas e efectivas para cumpriren con as esixéncias" dos tratados internacionais. E isto implicava tamén a Baltasar Garzón que, segundo as persoas demandantes, "despois das denúncias formuladas perante o Xulgado Central de Instrucción núm. 5, tiveron de ser submetidas a un recoñecimento médico profundo. Este xulgado limitou-se a solicitar à médica forense, L.L.G., un simples relatório, e non un verdadeiro ditame pericial sobre os maus tratos alegados".

Alén diso, a sentenza constata que "o 20 de Maio de 1997 –case cinco anos depois de apresentada a denúncia- a Audiéncia Nacional non tiña dado curso à decisión de remeter aos tribunais competentes as alegacións de maus tratos". Por todo iso, o Governo foi condenado a indenizar os recorrentes.

Tamén o Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa nenciona o Xulgado que dirixe Garzón no seu relatório da visita de Xaneiro de 1997. Neste relatório recolle as alegacións de tortura sofridas polo cidadán vasco José Arkauz considerando o seu testemuño "pormenorizado e coerente" o que contradi a versión dada polo xuiz en que, ocultando as torturas, se afirma que con Arkauz foron cumpridas escrupulosamente "as indicacións do CPT para prevenir calquer posibilidade de maus tratos ou torturas". O Comité reprocha ao xulgado non se teren adoptado medidas "repetidamente recomendadas polo CPT", como a posta ao seu dispor dun advogado, e denuncia asi mesmo o feito de a actuación do médico forense que o examinou estar inzada de irregularidades.

Nestas duas ocasións Europa funcionou. Porque no Estado español e nos seus tribunais impera a premisa exposta polo próprio Garzón no documentário: "o torturador tortura porque ten a capacidade que lle dá o poder de o facer. Noutra situación nunca o faria". Mais o xuiz fala de Arxentina e Chile. .

O Decembro do pasado ano, coincidindo con a visita ao Estado español de Eric Sotas, director da Organización Mundial Contra a Tortura, o xuiz anunciou unha série de medidas de prevención da tortura a once islamistas detidos e incomunicados en Ceuta, entre elas a gravación en vídeo. No entanto, ao longo dos seus anos de instrutor na Audiéncia Nacional, foron centos as persoas vascas que denunciaron perante Baltasar Garzón teren padecido torturas sen que este prestase a estas denúncias mais atención que a un mero trámite burocrático. O 25 de xaneiro a polícia detivo e incomunicou Iker Agirre, acusado de pertencer a ETA nunha operación supervisada por Garzón. Neste caso o xuiz non adoptou medida algunha. O xoven vasco relatou posteriormente ter sido submetido a severas torturas. .

Coñecemos a actitude de Garzón no ámbito internacional tanto como a coñecemos no ámbito doméstico, xa que é habitual que vexa fora das fronteiras da sua actividade xuridiscional o que non vé perante o seu nariz. Coñecemos o seu interese por aparecer como xuiz progresista, para poder levar a cabo unha atitude represiva sen parangon desde os gabinetes do tribunal excepcional da Audiéncia Nacional. Coñecemos de primeira mao a sua pasividade con a tortura nos seus afaceres diários, asi como coñecemos que a sua atitividade no ámbito internacional non é mais que un lixeiro verniz de defensor de direitos humanos sen as suas accións ultrapasaren o nível do testemuñal. Sabemos asi mesmo a importáncia que isto ten para grupos que, como nós, no árduo traballo de luitar polo recoñecimento e a reparación das vítimas da tortura agarrarian-se a un ferro ardendo. O ferro que ofereceu Baltgasar Garzón às persoas que nesta reportaxe, sen duvidar da sua vontade real, confiaron nel. .

Para elas o noso cariño e a nosa solidariedade, na confianza de que comprenderán a dor que nos causa a habilitación que se dá a esta personaxe con iniciativas como esta. .

Acció dels Cristians per l´Abolició de la Tortura, Asociación de Abogados Vascos, Asociación de Juristas Andaluces 17 de Marzo, Asociación Libre de Abogados, Asociación de Solidaridad y Apoyo a los Presos de Aragón, Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía, Centro de Asesoría y Estudios Sociales, Centro de Documentación contra la Tortura, Esculca, Memoria Contra la Tortura, -Observatori del Sistema Penal i els Drets Humans de la Universidat de Barcelona, Observatorio Vasco de Derechos Humanos, Salhaketa, Torturaren Aurkako Taldea

BIBLIOTECA .....

O ABC da Difamación

Daniel Simons e Toby Mendel

Este pequeno manual (46 páxinas) é unha útil e acesível introdución aos conceitos chaves das Leis de Difamación. Escrito por Daniel Simons (xurista) e Toby Mendel (Director do Programa de Direito da organización Article19), o texto beneficiou para a sua elaboración das numerosas publicacións anteriores que sobre este mesmo tema publicou a asociación asi como da sua extensa experiéncia de traballo con organización asociadas en numerosos países de todo o mundo.

Hai versión en inglés, francés e español no sítio de Article19 : www.article19.org.

É un crime. Como obstaculizan a Liberdade de Prensa as leis contra a inxúria

Marilyn Greene

No seu mui interesante estudo, publicado polo Comité Mundial para a Liberdade de Prensa, Marilyn Green revisa o uso das leis contra as inxúrias ao longo do ano 2006 en numerosos estados dos cinco continentes, tomando como base os relatórios da IFEX (International Freedom of Expression Exchange) e das asociacións federadas. O número de casos que se recollen en cada apartado depende en grande medida do traballo feito polos observatórios dos diferentes países, o que explica a notável diferenza que se hai entre uns e outros. Asi, por exemplo, a ampla relación de casos consignados en Turquia se deve, polo menos en parte, ao intenso labor do grupo BIANET. No capítulo relativo ao Estado español, recolle-se o caso de Rosa López e José Luíz Gutiérrez (ver supra "A honra de Hassan").

Tamén trata a autora, ainda que menos exaustivamente, o impacto das leis contra a blasfémia e a incitación ao ódio, acentuando que cantos mais meios legais se poñen para limitar a liberdade de expresión, por mui repugnante que esta poda parecer-nos, mais explosivo é o resultado. "A experiéncia demonstra", afirma, "que ilegalizar as expresións de ódio ou racismo non acaba con o problema, limita-se a desviá-lo".

O relatório pode ler-se en www.wpfc.org

Protecciónes Legais e Barreiras à Liberdade de Información, Segredos e Estado e Protección de Fontes nos Estados membros da OSCE.

David Banisar

David Banisar examina neste estudo de 35 páxinas as disposicións legais que regulan nos estados membros da Organización para a Seguranza e a Cooperación en Europa (OSCE) tres temas que afectan directamente a capacidade dos media e o público en xeral para buscar e receber información sobre as actividades dos poderes públicos: o aceso à información, os segredos de estado e a protección de fontes dos xornalistas. "Estas tres áreas", afirma Banisar, "están estreitamente relacionadas. O direito de aceso à información limita con, e está limitado por, as leis de segredos de estado; as leis que protexen excesivamente os segredos de estado levan frecuentemente à filtración de documentos, o que torna necesária a protección legal das fontes, encanto un sistema aberto, baseado no aceso à información, reduz a necesidade das filtración e da protección das fontes.

O relatório basea-se na información remetida por 41 governos da OSCE que responderon ao cuestionário enviado por Banisar e completa-se con investigacións de expertos, de diferentes ONGs e do próprio autor. En total fornece-se información sobre 48 estados dos 56 que forman parte da OSCE.

Pode ler-se en: http://www.privacyinternational.org/

PÁXINAS

www.wpfc.org

O Comité Mundial para a Liberdade de Prensa (WPFC nas suas siglas en inglés) coordena organizacións nacionais e internacionais de xornalistas. Está formado por 44 organizacións dos seis continentes e o seu traballo dirixe-se a evitar a interferéncia dos governos nos meios de comunicación, à defensa do libre fluir da información e ao apoio prático a aqueles meios que o precisen.

En 1996 o WPFC iniciou unha campaña para conseguir a abolición das leis contra a inxúria por entender que son incompatíveis con os princípios da democrácia e a liberdade de información.

S U M A R I O

APRESENTACIÓN 1 ...

ESCULCA 2 ...

ANÁLISES E RELATÓRIOS 3 ...

NOTÍCIAS 11 ...

BIBLIOTECA 16...

C O L A B O R A N

Pedro Bouso Cedrón
Justo G. Beramendi
José Ángel Brandariz
Tony Bunyan
Pepe Carreiro
Marc Carrillo
Xoan Cons
Gustavo García
Valentín García
Pablo González Mariñas
Ben Hayes
Manuel Janeiro
Héctor López de Castro
Celso López-Pazos
Ramom Lôpez-Suevos
Gustavo Luca de Tena
Xaquín Marín
Fernando M. Randulfe
Miguel Anxo Murado García
Guillermo Presa
Anxo Quintela
X. A. Ramos
Elvira Souto
Roch Tassé
José Luis Torrente
Vítor Vaqueiro
Valeiras
Suso Sanmartim

Artes Gráficas Vicus, S. A.L. / Dep. legal. VG-1235-2003